

LO ZOPPO

Xa ó levar a escopeta ós homeiros decatouse de que o canón, que ceifaba á sua vista as curvas de neve nos cotarros, tremía lixeiramente. Non era frío, é craro, un montañés fillo e pai de montañeses como Achille Beltrame non coñecía unha sensación semellante. Tiña que ser outra cousa, tiña, e Achille Beltrame houbo de confesarse que o corazón choutara e batéralle forte xa cando descubriu as súas pegadas inconfundibles na neve.

¿ Quén se non el podía deixar aquel rasto irregular e profundo, arrodeado sempre doutros máis enteiros, pro menos chantados ? ¿ Quén se non podía traxer por entre os piñeirais nevados e nos cumiais penedíos aqueis vieiros precisos que tiñan por fin ben marcada os casais de Artana ou as cortellas de Cegni e Pian dell'Armà ? Seguiu o rasto durante horas, co corazón feito alude e toda a luz da neve polos ollos. As pegadas multiplicáranse, uníranse outras novas e algunhas marcharan noutras direccións, pro Achille Beltrame continuara sempre trais da olga esgazada e tensa, a que abría as chagas máis fondas na pel branca das ladeiras.

Ata que á fin o atopara. A emoción, cerne de glaciador nas vísceras, petrificouno. ¡ Era el ! ¡ Sen dúbida era el ! ¡ Tivera razón nas súas sospeitas, en seguir aquela persecución forzada ! Porque ¿ de quén se non do Zoppo podía ser aquela silueta claudicante e silandeira que se recoutaba sobre dos cerengos dos montes, sempre un pouco detrais dos outros dous lobos que o acompañaban, esperábano, eran a súa escolta ? Achille Beltrame aconchegouse trais do esqueleto dun castiñeiro e espreitou. Afortunadamente o vento sopraba prá banda contraria, erguendo remuíños de neve que difuminaban e facían tremer os perfís do Zoppo e os seus compañeiros. Descansaban nunha clareira do pequeno bosco de faias e piñeiros, onde aquí e acolá xurdían entre as torgas penedos irados e algún alpendre abandonado, refuxio de perdidos camiñantes. O montañés escorregou de arbre en arbre achegándose ós lobos. Cando estivo a uns cen metros tirou mao á escopeta. Por fin tiña a tiro ó Zoppo, por fin, por fin podía dexergar dende detrais do canón o seu corpo non xigantesco pro si pesado, macizo, as orellas grandes demáis pra lobo, a pelaxe mesta, a coda longuíssima que, segundo dicían, servíalle pra borrar as súas pegadas na noite, non esta vez, é craro, que non iba avisado. ¡ Por fin, o Zoppo ! ¡ Quén sabía cántos anos de persecución dende aquel día no que xurara matalo !

Onde se dixese do lobo, onde o lobo cumprise as súas mortes, alí estaba Achille Beltrame, estudándoo, seguíndoo, ca freba máis escura de dentro trais daquel animal. Anos e anos en tódalas patrullas e expedicións, e mesmo soíño percorrendo os carrincos e os chupos e os máis outros cumes baixo o corisco e a xistra; anos e anos nos que toda a noite fora fauce.

¡ Quén sabía dende cánto tempo había se falaba do Zoppo polos vals apenánicos ! Máis de dez invernos pasaran dende a súa primeira baixada ás aldeas de Capannette di Pey, de Capanne di Cosolo, de Cegni, de Casanova Staffora..., e dende entón a súa figura singular, o rasto cambaleante, o modo de axir humao, preciso e destemido, puxérono na boca e nas orellas de tódolos montañeses. A súa sona correu polos vals do Trebbia e do Staffora, do Borreca, do Borbera, do Curone.... Chamábano o Zoppo porque algo ou alguén, un cepo ou unha fusilada, leváralle un bo cacho da pouta anterior, da dereita. Isto fixérao sempre recoñecible, inconfundible, mítico entre as sombras do inverno.

Nos dous primeiros anos el e os seus cobráronse máis de cen vítimas, entre ovellas e vitelas. O Zoppo nunca atuou soio, sempre baixou cunha compañía adoecida de lobos e cas silvestrados. Ó principio as súas accións eran lostregantes e a furto. Descían nas noites tebegosas e golpeaban certos nos lugares máis impensados. Logo despóis regresaban ó seu recocho arredado, o teso máis alto, escuro, ríspido e oprimente, o monte Alfeo.

Pro pouco a pouco os lobos escomenzaron a facerse os donos dos vals. Stefano Lanfranco di que os viu facer roda e como que tomar consello na Roccia degli Zampilli, e veulle unha enxurrada mesta e quente ós ollos e á boca e fuxiú estarecido. Gaetano Zecchini, que viña cara Artana maquiando unha boa mórea de rachos dos pradairos do Zavattarello, atopouse co mismísimo Zoppo empoleirado a unha tara. O lobo mirouno nos ollos e non fixo máis nada. Zecchini chegou a aldea pegado da tolemia. Alessio Matteucci, o fillo do garda forestal, regresaba á casa ó serán co pequeno armentío do pai cando foi arrodeado polos lobos. Non o tocaron, pro sistemáticamente degolaron e levaron o fato inteiro, non escapando un soio animal. Todos nos vals coñecían o episodio do Passaggio de Brallo, cando o Zoppo tinxiu a súa pel de branco pra se facer neve na neve, e asíñ fuxir ás dez escopetas que o arrodeaban nos sotos. Si'era un arrepío sen fondo ver ós lobos enseñorearse dos pobos abandonados no máis altos dos vals, pasearse por ente as muradelas retortas, as traves carruchadas polo chao, os teitos abertos e mudos, cando o solpor ensanguentaba a neve entre as rúñas.

A Achille Beltrame o Zoppo matáralle na mesma corte un cabalo semental que era a envexa dos cabalistas de Piacenza e Alessandria, unha boa mollada de cartos, abofé. Foi entón cando xurou matalo. Os lobos entraron na aldea deserta de Artana polas catro costas, coma exército adestrado, e foron percorrendo unha a unha as casas deixadas, os currais valeiros e as curtiñas inzadas onde a luz da lúa desgalgábase máis fría aínda que a xeadada. Tan silandeiros escorregaron por entre os muros e paredes derrubados que Achille Beltrame só os sentiu cando a besta escomenzou a rinchar inquedada e a escorregar. Era xa tarde de máis. O montañés corréu pra a cortella e viu catro feras sobor do cabalo que, xa de costas polo chao, pateaba convulsamente o ar. A porta da cabaleriza batía movida polo vento: o Zoppo, sen dúbida, sabía das cousas do home. Achille Beltrame disparou á toa, e entón, estratexia acordada, os lobos saíron de sutaque por tódalas bandas non dando tempo ó montañés a carregar a arma, e fuxindo con ben dous cartos e unha boa peza dos lombos da probe besta. O Zoppo saíu o último, a coxear e vixiando. Cáxeque parouse didiante do abraiado Achille Beltrame. Home e fera miráronse nos ollo, e unha xeadada afiada e íntima cortoulle tódalas veas ó de Artana. ¡ Aquel era o Zoppo ! ¡ Non, non podía ser... ! Coallouse o sangue na canle antiga. Detivéronse os sete ventos nos vals, porque Achille beltrame descubriu, viu no ollos tremelucintes do lobo, que el, o Zoppo, nacera e medrara nas súas entrañas. Na brétema do tempo xurdiu, a modiño pro con forza de séculos, a imaxe de aquel seu can rexo e forte, animal fiel e ben afeito ós ares da montaña que el, había moitos, tantos anos, abandonara por morto ou eivado nos derrubadoiros e barranqueiras do Alfeo. Home e fera léronse as húmidas lembranzas nas olladas, e Achille Beltrame comprendeu. Toda a noite e o tempo da noite morou no seu peito. Un remuíño de vento e neve, de neve e sombra, e o Zoppo desaparecera.

Dous disparos ecoaron polos montes. Non deron no branco, porque o canón do que saíron tremía lixeiramente. Dous lobos fuxiron axiña, pro outro non mexeu. Xirou a modo a testa cara o lugar onde apostara o home, e sen ollalo, indiferente, esperou. O home soupo que tamén o animal levaba moito tempo esperándoo. O terceiro disparo fixo caer a neve dos últimos ramos nús.